

VARANDAS, GALERÍAS, CUBREBAIXANTES E OUTROS ELEMENTOS DECORATIVOS-FUNCIONAIS METÁLICOS NA ZONA MONUMENTAL DE PONTEVEDRA.

ESTRATEGIAS PARA A SUA CONSERVACIÓN E PROTECCIÓN

María del Carmen Fontán Correa

mcarmenfontan@gmail.com

05-02-2025

OBXECTIVOS

- ❖ Contribuír, fomentar a sensibilización da sociedade para a conservación destes elementos patrimoniais.
- ❖ Comprobar a base de datos actual existente sobre estes elementos e aportar que información sería necesaria para corrixir a carencia de información sobre este tema.
- ❖ Coñecer o estado de conservación dos distintos elementos obxecto de estudo.
- ❖ Caracterizar os bens: metais empregados e recoñecemento das técnicas de fabricación.
- ❖ Presentar o marco legislativo aplicable no canto da súa protección, conservación.
- ❖ Achegar estratexias para a súa protección e conservación.

METODOLOXÍA

- ❖ Recollida de datos. Elaboración do marco teórico. Investigación nas fontes de información sobre o referente ós elementos metálicos obxecto de estudo.
- ❖ Traballo de campo. Realización dun arquivo fotográfico para mostrar parte das tipoloxías e modelos de varandas, galerías, reixerías, baixantes, petadores presentes no casco histórico. Recorrer ás institucións pertinentes para coñecer a protección legal destes bens e as actuacións sobre estes. Visita a unha fundición par coñecer a elaboración destas pezas.
- ❖ Procesamento e análise dos datos.
- ❖ Elaboración de estratexias para a súa conservación.
- ❖ Conclusións.

CONCLUSIÓN

- ❖ É preciso o recoñecemento da profesión do conservador-restaurador, xa que se constatou que está ausente en moitas institucións. Comprobouse que a falta de sensibilización e mantimento dáse por parte de particulares e por parte de organismos públicos.
- ❖ Destacar a necesidade dun catálogo actualizado, accións de identificación , investigación , documentación , coñecemento , protección, conservación, difusión, valorización, transmisión, revitalización son claves para a pervivencia do patrimonio, para garantir a súa posta en valor e conservación.
- ❖ Se prestamos atención polas rúas de Pontevedra sería igual que visitar un Museo ó aire libre, veremos unha mostra dos elementos decorativos e funcionais tanto de fundición como de forxa e poderemos coñecer fundicións e técnicas coas que foron elaborados, xa que estas pezas son unha proba do gran coñecemento sobre o traballo do metal transmitido de xeración en xeración. Co feito de conservalos realizase a salvagarda e coñecemento.
- ❖ Unha medida de conservación preventiva e que contribuiría para a divulgación do valor deste patrimonio sería a creación de unha ruta turística con esta temática por parte do Concello.